



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

IAGO TABARÉS REÚNESE CO COLECTIVO DE MULLERES DO CARBALLIÑO PARA ESCOITAR AS SÚAS DEMANDAS E SUXESTIÓNS E PÍDELLES APOIO PARA PODER DÁRLLES RESPOSTA DENDE MADRID

Carballiño, 18 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, mantivo hoxe un encontro co colectivo de mulleres do Carballiño co obxecto de “recoller as vosas demandas, suxestións e queixas, que seguro que tamén tedes”.

Tabarés explicou ás asistentes que ser nacionalistas consiste en aceptar a convivencia con todos mais poidendo vivir e exercer como galegos. “Durante moito tempo –dixo- fomos solidarios con outros territorios do Estado, agora chegou o momento de selo con nós mesmos”.

Neste sentido, afirmou que é preciso ter os suficientes apoios para acadar representación en Madrid e así poder traer cousas para Galiza e, nomeadamente, para Ourense.

Este encontro enmárcase na serie de reunións con distintos colectivos e en diferentes comarcas que está a realizar o candidato co obxecto de coñecer de primeira man as verdadeiras preocupacións do cidadán e chegar ao maior número de xente posíbel ao longo de toda a provincia.

Durante a tertulia fíxose un repaso ao desenvolvemento da Lei de Dependencia, de violencia de xénero e a moitas das medidas que está a impulsar, e os seus resultados, a vicepresidencia da Xunta en materia de igualdade e benestar.